

BASES DO CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL : “CARTEL FEIRA DO CAPÓN”.

Contido Bases Legais Concurso.

1. Obxecto e finalidade

O Concello de Vilalba, a través da súa Concellería de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados, convoca o “concurso de Debuxo Infantil: “Cartel Feira do Capón 2022” co obxecto de facer participes aos nenos/as na creación dun debuxo o cal formará parte do cartel oficial da Feira do Capón de Vilalba do ano 2022.

2. Persoas ás que se dirixe

Poderán participar no concurso os nenos e nenas ata 12 anos de idade (inclusive).

3. Inscripción

Poderanse inscribirse desde o día **da publicación das bases ata o 9 de decembro de 2021**, a través da sede electrónica do concello <https://vilalba.sedelectronica.es/> ou ben presencialmente por rexistro, en horario de 9:00h a 14:00h, cubrindo a folia de inscrición (anexo I), que estará dispoñible na web do concello <https://www.vilalba.gal/> e na oficina de cultura.

4. Mecánica de participación

__ O tema para desenvolver será en relación ao Capón, cría, feira, etc.

__ Só se admitirá un debuxo por neno/a.

__ Formato de presentación

- Poderase utilizar calquera técnica artística (exceptuando a purpurina e as tintas metálicas), sendo o formato de presentación en cartolina de DIN -A4.
- Os traballos presentaranse:
 1. Nun sobre pechado e non dobrado, no que figure no exterior do sobre o concepto “CONCURSO DE DEBUXO INFANTIL: CARTEL FEIRA DO CAPÓN” e un pseudónimo identificador do autor.
 2. Xunto con este sobre co cartel, achegarán un segundo sobre pechado no que se indicará a seguinte información dos participantes:
 - __ pseudónimo,
 - __ nome e apelidos do autor,
 - __ idade,
 - __ DNI
 - __ indicarse igualmente o nome e teléfono de contacto (do pai, nai ou titor/a legal) onde será localizado en caso de resultar gañador.

BASES APROBADAS PORXUNTA E GOBERNO CELEBRADA O 19 DE NOVEMBRO DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



Concello de Vilalba

- Non se valorará o tipo de técnica empregada, senón a orixinalidade, e calidade do debuxo en si mesmo, tendo presente a idade do seu autor.
- Os debuxos que non resulten premiados poderán recollerse na oficina de cultura ata o día **28 decembro de 2021**, no seu defecto serán destruídos.

Excluíranse as obras que:

1. Non cumpran cos requisitos esixidos.
2. Non acompañen o sobre da documentación.
3. Cheguen fora de prazo nos términos que establece a base pto. Número tres.

5. Premios.

O debuxo que resulte gañador será premiado cunha tablet e será a imaxe do cartel da Feira do Capón do ano 2022..

O financiamento do premio farase con cargo á aplicación orzamentaria 4311 / 48942 (Orzamento municipal 2021 do concello de Vilalba).

6. Xurado.

O xurado estará composto por varios criadores do Capón, presidido pola concelleira de Educación, Infancia e Mocidade, Feiras e Mercados ou persoa que a substitúa, e actuando de secretaria o/a técnica/o de cultura, ou persoa que a substitúa.

Tanto a composición dos membros do xurado como a resolución dos premios, faranse públicos na páxina web <https://www.vilalba.gal/> e na Sede Electrónica do concello.

O xurado dará a coñecer o/a premiado/a, na páxina web <https://www.vilalba.gal/> na Sede Electrónica do concello e a través dos distintos medios de comunicación, e fará entrega do premio o día **21 de decembro de 2021** na Feira do Capón.

7. Aceptación das bases do concurso.

A participación neste Concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases, así como as decisións do Xurado, podendo quedar excluído todo aquel participante que incumpra as mesmas.

8. Protección de datos de carácter persoal e renuncia aos dereitos de autor.

A participación neste concurso supón a aceptación completa das bases do mesmo; os supostos que se poidan producir e non estean contempladas polos organizadores nas bases do concurso, quedarán á libre interpretación dos devanditos organizadores.

O Concello de Vilalba adquirirá a propiedade de todos os traballos presentados e terá dereito ao uso dos mesmos como material de difusión, facendo sempre mención ao

BASES APROBADAS PORXUNTA E GOBERNO CELEBRADA O 19 DE NOVEMBRO DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez



Concello de Vilalba

autor da obra por medio do seu nome e apelidos. A aceptación destas bases conleva a autorización para a utilización gratuíta do debuxo nos medios de comunicación habituais. Os datos facilitados serán utilizados co só propósito de contactar cos gañadores e entregarlles os premios obtidos, e os seus datos serán tratados de conformidade co recollido na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e a restante normativa aplicable na materia.

BASES APROBADAS PORXUNTA E GOBERNO CELEBRADA O 19 DE NOVEMBRO DE 2021

Fdo. La Secretaria

Ana M.^a Rubiera Álvarez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

